



CONVENIO COLABORACIÓN COA “ASOCIACIÓN REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS” NO MARCO DO FOMENTO DO EMPREGO PARA A POTENCIACIÓN DO ACOMPAÑAMENTO E APOIO ÁS VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO”

Na Casa do Concello de Vigo, a 28 de abril de duos mil dezasete

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez en calidade de Alcalde- Presidente del Concello de Vigo, con domicilio na Praza do Rei, s/n, Vigo.

Doutra parte, Dona María Rosario Otero Rodríguez co DNI 36012710T en calidade de Presidenta da Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos”, nomeada en asamblea celebrada o 15 de decembro de 2010, ten poder suficiente para actuar en nome da Asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos”, con domicilio social en Rúa Oliva, 12 – 2º 36202 de VIGO e CIF G36928646.

Actúan ambas partes no exercicio dos seus cargos e na representación que ostentan recoñecéndose reciprocamente a capacidade suficiente para asinar este convenio.

EXPOÑEN

PRIMEIRO: A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, indica, no seu artigo 80, punto 2, letras k) e p), que o municipio exercerá competencias nos termos da legislación do Estado e da Comunidade Autónoma participando, entre outros aspectos, na formación de activos e desempregados.

Unha das tarefas fundamentais do Concello de Vigo é a mellora do benestar dos seus cidadáns, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción da ciudadanía co mercado laboral, dentro das competencias que se lle recoñecen, tendo en conta que o desenvolvemento destas actividades de fomento do emprego veñen desenvolvendose de xeito continuado nos últimos anos e moi especialmente nos anos 2012, 2013 e 2014, mediante a sinatura de convenios de colaboración coa “Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos”, para a potenciación do acompañamento e apoio ás mulleres vítimas de violencia de xénero, polo que conforme establece a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urgentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3.- “En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias:

- a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.
- b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores así como a realización de novas actuacións de fomento que foran xa establecidas nos proxectos de establecemento de servizos obxecto dos informes de inexistencia de duplicidades e sustentabilidade financeira previstos nesta lei.

...

Deste xeito, Concello de Vigo a través do fomento municipal de emprego, promove diversas actividades relacionadas coa formación en empresas con compromiso por parte destas de contratar a un mínimo de persoas fomentando a colaboración de forma activa na loita contra



o desemprego, as contratación por entidades sin ánimo de lucro que permita colher experiencia a persoas en desemprego, cara a mellorar as súas capacidades de inserción, etc. A estratexia polo emprego que supón este fomento non é un elemento illado, senón a toma en consideración dun conxunto de accións de colaboración co entramado laboral, educativo, veciñal e social no que o desenvolvemento de convenios de colaboración configúrase como a súa máxima concreción, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción da cidadanía co mercado laboral, así como da reincorporación sociolaboral das mulleres vítimas de violencia de xénero e do fomento en todos os ámbitos sociais da eliminación da violencia mediante técnicas de prevención e concienciación social.

SEGUNDO: Para acadar esta loita contra a discriminación e a reinserción deste colectivo desfavorecido, a Asociación "Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos", propón a contratación de 4 profesionais para a realización de actividades de fomento, orientación e formación en igualdade, a concienciación social e para mellorar a súa empregabilidade grazas a atención directa e especializada na reincorporación ao mercado laboral e á sociedade destas mulleres víctimas de violencia de xénero.

Todas estas actividades propostas pola Asociación "Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos", considéransen accións de interese para a nosa cidade, pola potenciación da xestión de atención primaria de saúde, así como na prestación dos servizos sociais e de promoción, así como da reinserción de colectivos desfavorecidos.

Deste xeito o Concello de Vigo por medio da Concellaría de Emprego, e a Asociación "Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos"

MANIFESTAN

I.- - Que a Asociación "Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos", conforme o establecido nos seus estatutos asume, entre outros, os seguintes fins e actividades:

1. Facilitar a reincorporación social e laboral mediante a información, motivación e o asesoramento en técnicas de busca de emprego e orientación laboral personalizada, mediante a:
 - a) O fomento da autoestima.
 - b) A potenciación da personalidade.
 - c) A transmisión de modelos sociais igualitarios.
 - d) O fomento do bo trato nas relacións afectivas e sociais.
 - e) Transmitir modelos sociais igualitarios.
 - f) Facilitar encontros para a axuda mutua entre as mulleres atendidas pola asociación.
 - g) Identificar a violencia de xénero
2. Facilitar a adquisición de experiencia laboral relacionada coa igualdade e o traballo coas persoas vítimas de violencia e a súa incorporación ao mercado laboral.
3. Proporcionarles ás/ós profesionais seleccionados formación en competencias transversais aliñadas coas necesidades do mercado laboral no ámbito da igualdade.
4. Promover a manifestación pública contra os malos tratos.
5. Eliminar a violencia en todos os ámbitos sociais, mediante técnicas de prevención e concienciación social.



II.- Que o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía o dereito a fundar asociacións e a asociarse á da súa elección, así como o recoñecemento ás asociacións e federacións de asociacións, a contribuír na defensa e promoción dos intereses económicos e sociais que lles son propios, como síntoma da boa saúde dun estado social e democrático de dereito no que a participación da cidadanía é fundamental.

Dentro das políticas activas de emprego en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar coas entidades sociais, empresariais e veciñais mais significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter dinamizador, informativo, formativo da veciñanza, ademais dos de fomento da empregabilidade, sin olvidar a súa potencialidade como xacementos potenciais de emprego, na súa función de prestacións de servizos a comunidade, as cales redundan no beneficio da cidade en xeral e das persoas desempregadas en particular.

III.- Que na devandida actividade a subvencionar e na subvención mesma concurren singulares circunstancias de interese público, social, económico e humanitario; tendo en conta a situación socio-laboral actual na cidade de Vigo, no mes de decembro de 2016, según as publicación realizadas pola comunidade autónoma:

Paro rexistrado por sexo e grupos de idade:

CONCELLO	TOTAL DE EMPREGADOS/AS	MULLERES	HOMES
VIGO	26.145	14.323	11.822

Unha das tarefas fundamentais do Concello de Vigo é a mellora do benestar dos seus cidadáns, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción da cidadanía co mercado laboral, dentro das competencias que se lle recoñecen os Municipios.

Estas circunstancias así como o profundo coñecemento que ten a Asociación "Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos" da situación das mulleres vítimas de violencia de xénero e do fomento social da igualdade, así como da falta de persoal especializado na formación, acompañamento e apoio das mesmas no concello de Vigo, xustifica a realización deste convenio de colaboración de xeito directo.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, os intervintes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é facilitar a formación, o coñecemento e as habilidades necesarias para unha mellor atención ás mulleres vítimas de violencia de xénero.

V.- Que a Asociación "Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos" non está incursa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracíons responsables e certificacións que figuran no expediente.



Que en base ás precedentes consideracións e ao interese público, social, económico e humanitario que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Asociación "Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos", o Concello de Vigo e a dita Asociación "Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos" conveñén a súa colaboración no ámbito de Vigo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A Asociación "Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos" comprométese a colaborar coa Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos do Concello de Vigo en canto a dinamización e fomento do emprego entre a ciudadanía viguesa, coa contratación exclusivamente de persoas empadroadas no Concello de Vigo, cando menos desde o 1 de xaneiro de 2015, así como nas labores de dinamización da entidade e do fomento do asociacionismo e concretamente, a:

1. Facilitar a reincorporación social e laboral mediante a información, motivación e o asesoramento en técnicas de busca de emprego e orientación laboral personalizada, mediante a:
 - a) O fomento da autoestima.
 - b) A potenciación da personalidade.
 - c) A transmisión de modelos sociais igualitarios.
 - d) O fomento do bo trato nas relacións afectivas e sociais.
 - e) Transmitir modelos sociais igualitarios.
 - f) Facilitar encontros para a axuda mutua entre as mulleres atendidas pola asociación.
 - g) Identificar a violencia de xénero
2. Facilitar a adquisición de experiencia laboral relacionada coa igualdade e o traballo coas persoas vítimas de violencia e a súa incorporación ao mercado laboral.
3. Proporcionarles ás/ós profesionais seleccionados formación en competencias transversais aliñadas coas necesidades do mercado laboral no ámbito da igualdade.
4. Promover a manifestación pública contra os malos tratos.
5. Eliminar a violencia en todos os ámbitos sociais, mediante técnicas de prevención e concienciación social.
6. Realizar convocatoria pública mediante inserción de anuncios na páxina web da entidade e na páxina web municipal xestionada pola área de Participación Cidadá, "Asociacións en rede" (<http://asociacions.vigo.org>, cando menos 5 días antes da realización da selección, así como a exposición da convocatoria no taboleiro de anuncios do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego e no Centro Municipal de Emprego, o secretario ou secretaria da asociación certificará a súa publicación ante a Comisión de seguimento, dos postos a contratar.
7. Comunicar ao Concello de Vigo-Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, o lugar, datas e horas de inicio das accións a desenvolver. Así mesmo, obrígase a comunicar calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade requirida, que de ser o caso, comunicarase cunha antelación mínima de 5 días naturais á data da súa realización.
8. No emprazamento das accións e na páxina inicial da web da entidade deberá constar en lugar visible cartel informativo en modelo normalizado que será subministrado polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.



9. Calquera edición e/ou material gráfico relacionado coas accións deste convenio se realizarán no idioma galego. En todos os casos deberá aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo, Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos como patrocinador das accións, sendo esta cuestión extensible ás carpetas, distintivos e outros elementos que realicen.
10. Dispôr dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
11. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
12. As actividades de carácter sociolaboral recollidas no presente convenio destinaranse ao público en xeral. O seu acceso será aberto e gratuito, limitándose o número de asistentes ao aforo do lugar onde se celebren.
13. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
14. En xeral cumplir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.
2. Respectar a estrutura organizativa da Asociación "Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos"
3. Conceder directamente á Asociación "Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos" unha subvención total por importe de 45.539,96 € (44.866,96 € de custes salariais e 673,00 € destinados a custes de xestión para o desenvolvemento das accións) imputaranse con cargo á partida 2410 4800007 "Convenio coa Rede de Mulleres contra os malos tratos", do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2017, co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de xestión e organización das actividades previstas.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.



A tal efecto e coa finalidade de cumplir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacions establecidas no artigo anteriormente referendado e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto optase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coa entidade.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacions ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a reducción da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada. A dita difusión cumplirá os seguintes requisitos:

- A información especialmente carteis e programas editados, estará integralmente na lingua galega.
- En toda información gráfica editada figurarán os logotipos e anagramas oficiais do Concello de Vigo, ademais das lendas que se acorden. Se no financiamento das actividades interveñen outras entidades distintas das asinantes do Convenio, a prelación en orde de tamaño será proporcional a cadansúa achega económica.
- A entidade beneficiaria someterá a conformidade do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo as probas dos recursos publicitarios que se vaian empregar. O material gráfico editado disporá do correspondente depósito legal. De todo o material editado, entregaranse 2 exemplares no servizo de Desenvolvemento Local e Emprego da Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos.

Oitavo.- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Noveno.- Comisión de seguimento

Para o bo fin dos obxectivos sinalados no presente convenio constituirase unha Comisión de seguimento integrada por:

1. O concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, que ostentará a Presidencia que poderá delegar a súa representación noutro/a concelleiro/a ou xefe do servizo de Desenvolvemneto Local e Emplego.
2. Tres vocais:
 - a) Un/unha técnico/a adscrito ao servizo de Desenvolvemento Local e Emplego.
 - b) Dous a membros da Xunta directiva da entidade Asociación "Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos"



c) Actuará como Secretario/a da Comisión un/unha funcionario/a ou laboral do Concello de Vigo, con voz pero sen dereito a voto.

A Comisión quedaría constituída trala súa primeira reunión, estas realizaranse de forma ordinaria todos os trimestres na data en que se indique na sesión constitutiva, en todo caso para a súa válida constitución será necesaria a presencia da maioría absoluta dos seus membros que incluirá a do Presidente e Secretario.

O Presidente decidirá co seu voto os empates que se produzan respecto dos acordos que nas funcións que son propias da Comisión se adopten.

Son funcións propias da Comisión, as seguintes:

- a) Supervisar o cumprimento do proxecto de accións e actividades que figuran na Memoria e o presuposto executado.
- b) Establecer unha orde de prioridades respecto das actividades a realizar.
- c) Realizar as selección de persoal a contratar e propor as contratacóns de persoal a realizar.
- d) Supervisar o cumprimento do normativa legal vixente en relación coas contratacóns realizadas.

Decímo.- A beneficiaria, no prazo de **un (1) mes** a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituir a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

A documentación da conta xustificativa deberá incluir unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquellas que non reúnan as esixencias previstas no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro polo que se aproba o Regulamento polo que regulan as obligacións de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non/Será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

As Retribucións de persoal xustifícaranse mediante:

- Copia do contrato.
- Copia do TC1 e TC2 correspondente aos meses imputados.
- Copia das nóminas correspondente aos meses imputados.
- Copia do impreso de liquidación nominal do IRPF.
- Copia do documento (transferencia bancaria ou cheque nominativo), que xustifique o pagamento das nóminas do persoal.



Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Conforme establece o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, no seo artigo 70.3, trancorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, éste requerirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a exixencia da reintegro y demás responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencions. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancions que, conforme á Lei Xeral de Subvencions, correspondan.

Décimo primeiro.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo segundo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de febreiro e o 30 de setembro de 2017.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto excede de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de suministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo terceiro.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos. O xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumplida a actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo quinto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En



todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sexto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa aprezzación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Décimo séptimo.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demás actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer-los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo.

Décimo oitavo.- A colaboración do Concello de Vigo concrétese na concesión dunha subvención formalizada mediante o presente convenio, colaboración que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa ou indirectamente pola Asociación "Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos no desenvolvemento das actividades indicadas no pacto primeiro.


Décimo noveno.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de derecho administrativo, e no seu defecto, as normas de derecho privado.

Vixésimo.- O periodo de vixencia do convenio remata o 31 de decembro de 2017.

E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, 28 de abril de 2017

Polo Concello de Vigo
O alcalde-presidente

Abel Caballero Álvarez



Pola Asociación "Rede"
A presidente

María Rosario Otero Rodríguez